



Estimado/a Director/a:
Estimada/o Presidenta/e:

Plantar nas persoas mozas a semente da convivencia en liberdade é garantía de futuro para conseguir unha sociedade xusta e democrática. A formación en valores é clave para a integridade física e moral de toda a comunidade educativa e conseguila é a nosa responsabilidade compartida. Desde a Delegación do Goberno en Galicia, reafirmamos o noso compromiso e relanzamos o Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade nos nosos centros educativos e os seus arredores, da man das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, a Policía Nacional e a Garda Civil.

Neste novo curso, presentamos unha amplísima oferta de charlas e actividades destinadas ao alumnado, profesorado e con crecente protagonismo das familias. Intervencións centradas nas preocupacións fundamentais da contorna educativa: os riscos da internet, o acoso e ciberacoso escolar, a violencia de xénero e a prevención dos delitos sexuais, as adiccións e a introdución ao uso de substancias, ou os delitos de odio e discriminación. Intervencións que poden cambiar vidas!

Desde a Delegación do Goberno en Galicia, convidámosvos a unirvos a esta iniciativa. Ademais do persoal especializado das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, as Unidades de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller están preparadas para compartir a súa experiencia e coñecementos. Traballamos man a man coa Inspección Educativa da Xunta de Galicia para que este plan teña o impacto que as nosas comunidades educativas merecen.

Non deixedes pasar a oportunidade de ofrecer ao voso alumnado as ferramentas necesarias para unha cidadanía responsable e crítica nunha sociedade democrática. Podedes descargar toda a información e formular as solicitudes de participación, por primeira vez diferenciadas para centros educativos e familias, na seguinte ligazón: <http://www.edu.xunta.gal/portal/plandirector>.

Para calquera consulta, non dubidedes en poñervos en contacto coa Alta Inspección de Educación da Delegación do Goberno en Galicia, que coordina o Plan Director na nosa comunidade autónoma, a través do correo electrónico: plandirector.galicia@correo.gob.es ou mediante o teléfono: 981 989 557.

Xuntos, seguimos construíndo unha contorna educativa cada vez máis segura e enriquecedora.

Recibide un cordial saúdo,